MU

# Manual

## Libros Entrada/Saída

### ACIOS: Contabilidade Vitivinícola

Elaborado por Amtega

XUNTA DE GALICIA

amtega

Xacobeo 21·22

# Formulario para asentos de Entrada/Saída

A pantalla principal dos libros de rexistro mostra os libros dispoñibles e unha serie de funcionalidades que se detallan a continuación:




Os botóns marcados permiten distintas funcionalidades:

- 1- **Importar asentos:** abre unha ventá que permite importar os asentos contables dende o noso equipo.
- 2- **Lapis:** indica que se permite modificar o libro no que se encontra, ó facer click sobre él levaranos ó listado de asentos que contén.
- 3- **Descargar Plantilla:** inicia a descarga da plantilla que se empregará de base para importar os asentos de Entrada/Saída.
- 4- **Manual de asentos:** inicia a descarga do manual de asentos de Entrada/Saída (este manual).

# Asento de entrada

A pantalla de visualización dos asentos de entrada componse dunha serie de filtros para facilitar a busca e botóns para distintas accións:




| Accións do asento | | Data asento | Tipo movemento | Tipo documento | Procedencia | Zona vitivinícola OCM | Variedades | Produto | Cantidade | Cantidade de uva | Cor | Graduación total | Graduación adquirida | Ano colleita | Subzona | Tipo Viño | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 07-11-2019 | Producción propia | | Producción propia | C IIIb | Mencía(4%), Caíño Branco(3%) | Lias | 3,00 KG | | Tinto | | 3,00 | 2019 | | | |
| | | 26-10-2019 | Elaboración | | | | Brancellao(1%) | Viño | 999,00 L | | Branco | | ,04 | 2019 | | Rías Baixas | Proba dende elaboración. |

Os botóns e recadros marcados permiten as seguintes funcionalidades:

- 1- Filtros de asentos: permiten filtrar os asentos mostrados no listado de asentos segundo os parámetros indicados.
- 2- Limpar: limpa os valores escollidos con anterioridade nos filtros de asentos.
- 3- Buscar: fai o filtrado dos asentos en base ós filtros escollidos.
- 4- Engadir asento: levaranos a unha nova pantalla que permitirá engadir novos asentos.
- 5- A celda indica se o asento está completo ( ), incompleto editable ( ) ou completo non editable ( )
- 6-Accións do asento: neste caso permite crear un asento de saída a partires do asento de entrada, a edición do asento ou a visualización do mesmo se xa non se permite a edición. No caso de ser un asento de saída permitirá crear un asento segundo o tipo de movemento (Elaboración, Embotellado, etc), ir ó asento de orixe no caso de existir, editar o asento ou visualizalo no caso de que non se permitir a edición.

A seguinte imaxe mostra o formulario que se abre ó empregar o botón de engadir asento (4) e que nos permite engadir novos asentos de entrada:




A área permite a inserción dos datos do novo asento de entrada.

O botón Atrás lévanos de volta a pantalla coa lista dos asentos de Entrada/Saída sen crear un novo asento.

O botón Crear engade un novo asento en base ós datos introducidos no formulario.

O formulario componse dos seguinte valores, algúns son seleciconables e outros de entrada de texto:

- **Tipo de movemento**: permite seleccionar o tipo de movemento, os valores dispoñibles correspóndense cos movementos de entrada, por exemplo Existencias iniciais, Compras, etc.

  No caso de escoller o valor “Compras” no campo “Tipo de movemento” aparecerán catro novos campos:

  - “Documento de compra”: permite seleccionar o tipo de documento comercial, pode tratarse dun albarán, dunha factura, EMCS ou D.A Vitivinícola. Campo orbigatorio.

  - “Número de documento”: número do adxuntado. Campo obrigatorio.

  - “Orixe da compra”: permite a selección do orixe da compra, por defecto emprega o valor “España” e é un campo que se emprega para cubrir as declaracións ó Infovi.

  - “Réxime fiscal”




- **Procedencia**: procedencia da entrada.
- **Data**: data do asento que se desexa crear.
- **Zona vitivinícola OCM**: zona vitivinícola das organizacións comúns de mercados (OCM).
- **Ano colleita**: ano da colleita, por exemplo 2019.
- **Produto**: produto vitivinícola. No caso de escoller o valor “Mosto” no campo “Produto” aparecerá un novo campo “Cantidade de Uva (KG)”:




- **Cor**: cor da uva.
- **Subzona**: subzona vitivinícola.
- **Cantidade**: cantidade do produto expresada en litros.
- **Graduación adquirida**: graduación alcohólica adquirida.
- **Graduación total**: graduación alcohólica total.
- **Tipo de viño**: tipo de viño da zona vitivinícola.

- **Variedades:** despregable que nos permite engadir as variedades para o asento e as súas porcentaxes.




Facendo click no botón “+” aparece unha pop-up que nos permite engadir variedades e o seu porcentaxe.




- O campo porcentaxe non é obrigatorio. Se se deixa en branco asúmese que a porcentaxe para esa variedade é 0.

- Os botóns “+” e “-” permiten engadir e eliminar variedades dinamicamente.

- O botón cancelar detén o proceso de introdución de variedades

- O botón aceptar garda as variedades. Permanecerá desactivado se non se completa o campo variedade ou se non hai ningún grupo de Variedade/Porcentaxe. Se se supera o 100% na suma dos porcentaxes amosarase un erro ao clickar.




Se os datos son correctos engadirase o conxunto variedade/porcentaxe na táboa de variedades do formulario. As accións da variedade mostrarán dúas iconas que nos permiten editar e eliminar unha variedade.




- **Indicación facultativa**: campo de texto de entrada libre para indicacións facultativas do produto.
- **Observacións**: campo de texto de entrada libre.

# Asento de saída

A pantalla de visualización dos asentos de saída e o formulario de inserción de novos asentos componse e funciona exactamente igual ca a dos asentos de entrada, variando lixeiramente os valores que se poden escoller no formulario.




No caso do campo "**Tipo de movemento**" hai opcións que se empregarán en casos concretos:

- **Regularización**: esta opción empregarémola cando sexa preciso facer regularizacións de movementos por erros en anotacións anteriores.
- **Merma**: esta opción escollerase para indicar as perdas por evaporación, en total non poderán superar o 3% do total anual.
- **Perda**: opción a escoller para indicar cantidades que se perderon en accidentes ou problemas cos produtos.

No caso de seleccionar o valor “**Venda**” no campo “**Tipo de movemento**” aparecerán catro novos campos, “Documento comercial”, “Número documento”, “Destino da venta” e “Finalidade”. “Documento comercial” e “Número documento” serán campos obrigatorios, “Destino da venta” e “Finalidade” toman por defecto os valores “España” e “Viño” de forma respectiva e empréganse para cubrir as declaracións ó Infovi.



# Importación de asentos de Entrada/Saída

## Asento de Entrada/Saída

Para a importación de asentos de entrada ou saída mediante a plantilla proporcionada deberanse cubrir os campos cos valores correspondentes. O formato do ficheiro que se vai a importar debe ser o mesmo ca o da plantilla descargada (csv).

<u>Consideracións previas:</u>

a) Se queremos cubrir a plantilla utilizando **LibreOffice Calc** debemos ter en conta:

1.- Escoller correctamente a configuración inicial de codificación e separadores




2.- Ao cubrir os campos, dependendo da nosa configuración do progama, pódensenos substituír datos automáticamente, por outros que non serán válidos para a importación. Por exemplo:

- Na columna *DATA* introducimos 10/10/2020 e cámbiasenos a 10/10/20
- Na columna *TIPO_LIBRO* introducimos de ES_2 e cámbiasenos a ES$_2$

Para solucionar este problema seleccionamos '*Herramientas*' > '*Opciones de autocorrección*' > '*Opciones*' e desmarcamos o check '*Usar tabla de sustituciones*'

b) Permitir ceros ('0') á esquerda de datos de tipo numérico: É posible que precisemos intoroducir códigos que comecen polo número 0 (ex: 00054819). Tanto Excel como LibreOfficeCalc borrarán por defecto estes ceros á esquerda ao establecer que a celda é de tipo numérico. Para evitar isto seleccionamos a celda correspondente, click dereito, 'Formato de celdas' e escollemos a opción 'Texto'.







*Campos obrigatorios: MOVEMENTO, CAMPANHA, TIPO_LIBRO, DATA, TIPO_MOVEMENTO, REFERENCIA_MOVEMENTO, TIPO_PRODUCTO, CANTIDADE, COR e ANO.*

A continuación especifícanse os posibles valores de cada campo ou unha breve explicación para os de entrada libre:

- **MOVEMENTO**: movemento de entrada ou saída (empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| E | Entrada | Entrada |
| S | Saída | Salida |

- **CAMPANHA**: indica a campaña, empregarase a campaña correspondente, por exemplo 2018-2019.

- **TIPO_LIBRO**: tipo de libro de entrada/saída (empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| ES_1 | Viños | Vinos |
| ES_2 | Viños con DOP | Vinos con DOP |
| ES_3 | Viños con IXP | Vinos con IGP |
| ES_4 | Viños sen DOP/IXP con dereito de indicación de variedade e colleita | Vinos sin DOP/IGP con dercho de indicación de variedad y cosecha |
| ES_5 | Outros viños e produtos vitivinícolas | Otros vinos y produtos vitivinícolas |
| ES_6 | Produtos vitivinícolas aromatizados | Productos vitivinícolas aromatizados |

- **DATA**: Data do asento que se desexa importar, expresase no formato dd/mm/aaaa, por exemplo 16/02/2019.

- **TIPO_MOVEMENTO**: tipo de movemento, este depende do movemento, xa sexa de entrada ou saída (empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Movemento | Descrición |
|---|---|---|
| 1 | Entrada | Existencias iniciais |
| 2 | Entrada | Compras |
| 3 | Entrada | Produción propia |
| 4 | Entrada | De mezcla |
| 5 | Entrada | Elaboración |
| 13 | Entrada | Regularización |
| 1 | Saída | Venda |
| 2 | Saída | Embotellado |
| 3 | Saída | A Mezcla |
| 4 | Saída | Elaboración |
| 5 | Saída | Perda |
| 6 | Saída | Merma |
| 7 | Saída | Regularización |
| 8 | Saída | Descalificado |
| 9 | Saída | Destilación |
| 10 | Saída | Abono |
| 11 | Saída | Compost |
| 12 | Saída | Retirada |

* Os tipos 'Destilación', 'Abono', 'Compost' e 'Retirada' serán os axeitados para as saídas dos productos bagazo e lias.

- **TIPO_DOCUMENTO**: tipo de documento adxunto a unha compra ou venta (cubrirase só no caso de escoller un tipo de movemento compra ou venta e empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Descrición |
|---|---|
| 1 | Albarán |
| 2 | Factura |
| 3 | EMCS |
| 4 | D.A Vitivinícola |

- **NUMERO_DOCUMENTO**: número do documento que se desexa importar (cubrirase só no caso de escoller un tipo de movemento compra ou venta)

- **REFERENCIA_MOVEMENTO**: referencia do movemento (única por cada asento)

- **PROCEDENCIA_DESTINO**: indicarase a procedencia si é un asento de entrada ou o destino si é de saída.

- **ZONA_OCM**: zona vitivinícola das organizacións comúns de mercados (OCM) (empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| 1 | I | I |
| 2 | II | II |
| 3 | IIIb | IIIb |

- **TIPO_PRODUCTO**: tipo de produto (empregarase o código correspondente)

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| 01 | Uva | Uva |
| 02 | Mosto | Mosto |
| 03 | Viño | Vino |
| 04 | Bagazo | Bagazo |
| 05 | Lias | Lias |
| 06 | Piquetas | Piquetas |
| 07 | Outros | Outros |
| 08 | Viños de agulla gasificados | Vinos de aguja gasificados |
| 09 | Viños alcoholizados | Vinos alcoholizados |
| 10 | Viños espumosos gasificados | Vinos espumosos gasificados |
| 11 | Viños uva sobremadura | Vinos uva sobremadura |
| 12 | Viño novo en proceso de fermentación | Vino nuevo en proceso de fermentación |
| 13 | Viño de uvas pasificadas | Vino de uvas pasificadas |
| 14 | Viños de licor | Vinos de licor |
| 15 | Mosto de uva parcialmente fermentado | Mosto de uva parcialmente fermentado |
| 16 | Mosto de uva parcialmente fermentado procedente de uvas pasificadas | Mosto de uva parcialmente fermentado procedente de uvas pasificadas |
| 17 | Vermouth | Vermouth |
| 18 | Viños aromatizados | Vinos aromatizados |
| 19 | Sangría ou Clarea | Sangría ou Clarea |
| 20 | Viño aromatizado amargo | Vino aromatizado amargo |
| 21 | Aperitivo a base de viño | Aperitivo a base de vino |
| 22 | Viño aromatizado a base de ovo | Vino aromatizado a base de ovo |

- **CANTIDADE**: cantidade do produto expresada en litros.
- **CANTIDADE_UVA**: cantidade da uva expresada en kg (para o tipo de produto Mosto)
- **COR**: cor da uva (empregarase o código correspondente).

| Código (valor a empregar) | Descrición galego | Descrición castelán |
|---|---|---|
| B | Branco | Blanco |
| T | Tinto | Tinto |

- **GRAD_ADQUIRIDA**: graduación alcohólica adquirida (xerará unha alerta para certos productos)
- **GRAD_TOTAL**: graduación alcohólica total (xerará unha alerta para certos productos)
- **VARIEDADE**: variedade da uva (empregarase o código correspondente, si se desexa engadir máis de unha deberanse separar por comas)

| Código (valor a empregar) | Descrición |
|---|---|
| 2 | Tempranillo |
| 6 | Palomino |
| 9 | Macabeo, Viura |
| 32 | Albillo |
| 52 | Garnacha tintoreira |
| 53 | Mencía |
| 105 | Treixadura |
| 106 | Albariño |
| 107 | Torrontés |
| 109 | Godello |
| 110 | Ferrón |
| 111 | Loureira, Loureiro Branco, Marqués |
| 112 | Caiño Branco |
| 113 | Sousón |
| 118 | Espadeiro,Torneiro |
| 123 | Doña branca |
| 124 | Gran negro |
| 125 | Brancellao |
| 126 | Mouratón |
| 128 | Pedral, Dozal |
| 147 | Branco lexítimo |
| 162 | Loureiro tinto |
| 213 | Caiño tinto |
| 214 | Agudelo |
| 302 | Merenzao, María Ordoña |
| 334 | Lado |
| 363 | Castañal |
| 555 | Branca de Monterrei |
| 556 | Caiño bravo |
| 557 | Caiño Longo |
| 900 | Mestura de variedades |
| 996 | Sen enxertar con dereitos recoñecidos |
| 999 | Sen identificar |

- **ANO**: ano da colleita, por exemplo 2019.

- **SUBZONA**: subzona da denominación de calidade, este campo depende da denominación de calidade asociada a planta.

| Código Subzona (valor a empregar) | Codigo denominación de calidade | Nome |
|---|---|---|
| 01 | 14 | O Rosal |
| 02 | 14 | Soutomaior |
| 03 | 14 | Ribeira do Ulla |
| 04 | 14 | Val do Salnés |
| 05 | 14 | Condado do Tea |
| 01 | 15 | Amandi |
| 02 | 15 | Chantada |
| 03 | 15 | Quiroga-Bibei |
| 04 | 15 | Ribeiras do Miño |
| 05 | 15 | Ribeiras do Sil |
| 01 | 17 | Val de Monterrei |
| 02 | 17 | Ladeira de Monterrei |

- **TIPO_VINO**: tipo de viño segundo a denominación de calidade, este campo depende da denominación de calidade asociada a planta.

| Código tipo viño (valor a empregar) | Código denominación de calidade | Nome |
|---|---|---|
| 01 | 14 | Rías Baixas Albariño |
| 02 | 14 | Rías Baixas Condado de Tea |
| 03 | 14 | Rías Baixas Rosal |
| 04 | 14 | Rías Baixas Salnés |
| 05 | 14 | Rías Baixas Riberia do Ulla |
| 06 | 14 | Rías Baixas |
| 07 | 14 | Rías Baixas barrica |
| 08 | 14 | Rías Baixas(tinto) |
| 09 | 14 | Rías Baixas Escumoso |
| 01 | 15 | Branco Riberia Sacra Súmmun |
| 02 | 15 | Branco Ribeira Sacra Barrica |
| 03 | 15 | Branco Ribeira Sacra |
| 04 | 15 | Tinto Ribeira Sacra Súmmun |
| 05 | 15 | Tinto Ribeira Sacra |
| 06 | 15 | Tinto Ribeira Sacra Barrica |
| 01 | 17 | Tinto Monterrei |
| 02 | 17 | Branco Monterrei |
| 01 | 18 | Ribeiro Branco |
| 02 | 18 | Ribeiro Tinto |
| 03 | 18 | Ribeiro Castes Branco |

| | | |
|---|---|---|
| 04 | 18 | Ribeiro Castes Tinto |
| 05 | 18 | Ribeiro Barrica Branco |
| 06 | 18 | Ribeiro Barrica Tinto |
| 07 | 18 | Ribeiro Tostado Branco |
| 08 | 18 | Ribeiro Tostado Tinto |
| 09 | 18 | Ribeiro Escumoso Branco |
| 10 | 18 | Ribeiro Escumoso Rosado |
| 01 | 35 | Valdeorras godello |
| 03 | 35 | Valdeorras branco |
| 05 | 35 | Valdeorras mencía |
| 06 | 35 | Valdeorras castes nobre |
| 07 | 35 | Valdeorras tinto |
| 08 | 35 | Valdeorras producción controlada |
| 09 | 35 | Valdeorras escumoso |
| 10 | 35 | Valdeorras tostado |

- **ORIXE_DESTINO**: Orixe da compra no caso de ser a importación dun asento de entrada de E/S ou destino da venda no caso de ser a importación dun asento de saída de E/S de tipo Venda, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi (empregarase o código correspondente, no caso de non se especificar empregará o valor por defecto 01-España). A continuación amósanse os posibles valores que se poden empregar:

| Código (valor a empregar) | Descrición |
|---|---|
| 01 | España |
| 02 | UE |
| 03 | Terceiros países |

- **FIN**: finalidade, campo empregado nas importación dun asento de saída de embotellado de tipo Venda, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi (empregarase o código correspondente, si non se especifica emprega por defecto o valor 01-Viño). A continuación amósanse os posibles valores que se poden empregar:

| Código (valor a empregar) | Descrición |
|---|---|
| 01 | Viño |
| 02 | Destilación |
| 03 | Vinagraría |

- **INDICACION_FACULTATIVA:** campo de texto de entrada libre para indicacións facultativas do produto (máximo 250 caracteres)

- **OBSERVACIONS**: campo de texto de entrada libre (máximo 250 caracteres)